



**Á ATENCIÓN DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO DE SEXTO CURSO**  
**DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

De acordo co establecido no Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e na Orde da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades do 21 de outubro 2022 polos que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, comunícolles o seguinte:

1. O noso centro está adscrito ao IES SALVADOR DE MADARIAGA
2. O noso alumnado ten prioridade para matricularse nese Instituto por diante daquel alumnado que proceda doutros centros de primaria non adscritos.
3. As familias que desexen matricular aos seus fillos/as no IES Salvador de Madariaga deberán entregar ao seu fillo/a para que o entregue ao seu titor-a entre o 15 de xaneiro e o 5 de febreiro, o modelo de solicitude debidamente cuberto que se xunta a este escrito (anexo I da Orde do 12 de marzo de 2013). Tamén pode facerse a reserva parcial no enderezo <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>, ou de xeito electrónico e completo en <https://sede.xunta.gal/portada>. Se algúnha familia quere presentalo directamente na secretaría no centro poderá facelo en horario de 09:30 a 13:30 horas.
4. O alumnado de sexto curso deste centro que, de acordo co dito anteriormente, non faga no prazo establecido a reserva de praza para o citado Instituto, deberá participar no proceso xeral de admisión como se fose alumnado novo, debendo presentar cumprimentado no centro da súa preferencia, do 1 ao 20 de marzo, o documento que se publica como anexo II da citada Orde do 12 de marzo.
5. A reserva do IES Salvador de Madariaga adquirirá carácter vinculante e será **INCOMPATIBLE** coa presentación dunha solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2.024



A DIRECTORA

Asdo: M<sup>ra</sup> Aurora Candal Miranda